

publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido este edicto en Santiago de Compostela o 13 de marzo de 2003.

O secretario  
Rubricado

**XULGADO DO SOCIAL  
NÚMERO CATRO  
DAS PALMAS DE GRAN CANARIA**

*Cédula de notificación (48/2002).*

En virtude do acordado polo maxistrado deste xulgado Javier R. Díez Moro, no xuízo número 48/2002, seguido por instancia de Antonio Seoane Cobas contra *Europea de Gas Butano, S.L.* cítase a vd. para que o día 9 de xuño de 2003 ás 9.40 horas compareza perante este xulgado á celebración dos actos de conciliación e xuízo, advertíndoa de que non se suspenderá por falta de asistencia das partes e que estas deben concorrer ós ditos actos con tódolos medios de proba de que se intenten valer.

Ó mesmo tempo cítase o representante legal da empresa demandada a que compareza no día sinalado á proba de interrogatorio de parte baixo apercibimento de que de non comparecer sen xusta causa poderá ser tido por conforme cos feitos da demanda, e requíreselle para que achegue recibo de salarios ou nóminas de pagamentos correspondentes ó demandante así como o libro de matrícula.

E para citar e entregar ó representante legal da empresa *Europea de Gas Butano, S.L.* expido esta cédula nas Palmas de Gran Canaria o 10 de marzo de 2003.

O/a secretario/a  
Rubricado

**XULGADO DO SOCIAL NÚMERO  
DOUS DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de sentenza  
(618/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño en autos seguidos perante este Xulgado do Social tramitados baixo o número 618/2002 por instancia de José Manuel Calvelo García contra a empresa *Peta Peta Talleres, S.L.* e Fogasa sobre salarios, dictouse a seguinte:

«Sentencia.-Na cidade da Coruña, 11 de marzo de 2003.

Jorge Hay Alba, maxistrado-xuíz do Xulgado do Social número dous da Coruña, viu os presentes autos de xuízo número 618/2002 seguidos por instancia de José Manuel Calvelo García, maior de idade, asistido polo letrado José Domínguez Castiñeiras, contra a empresa *Peta Peta Talleres, S.L.*, que non com-

pareceu nos autos, intervindo o Fogasa, representado e asistido pola letrada Enma Pérez Díez del Corral, sendo o obxecto da reclamación, salarios.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que estimando a demanda interposta por José Manuel Calvelo García, intervindo o Fogasa, debo condenar e condeno á empresa *Peta Peta Talleres, S.L.* a que lle aboe ó demandante a cantidade de 7.293,73 euros, por tódolos conceptos reclamados na demanda.

Notifíquelles esta resolución ás partes ás que se lles fará saber que contra a referida só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se deberá anunciar ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza, e no propio termo se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ó anunciálo, entrega-lo xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-5603, clave 60, facendo constar no ingreso o número de expediente.

E así mesmo, deberá no momento de interpo-lo recurso, consigna-la cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na clave 65 da citada conta e expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Peta Peta Talleres, S.L.* que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula na Coruña, 11 de marzo de 2003.

O secretario xudicial  
Rubricado

*Cédula de notificación de sentenza  
(845/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño que nos autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 845/2002 por instancia de Paulino Esparragosa Rodríguez contra a empresa *Excavaciones Claudio y Arturo, S.L.* sobre despedimento, dictouse a seguinte sentenza:

«Na cidade da Coruña, 14 de xaneiro de 2003.

Jorge Hay Alba, maxistrado-xuíz do social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 845/2002, seguidos por instancia de Paulino Esparragosa Rodríguez, maior de idade, asistido polo letrado Miguel Nouche Ferreira, contra a empresa *Excavaciones Claudio y Arturo, S.L.*, que non compareceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación, despedimento.